Foro económico de Galicia

Galicia, a perspectiva internacional

Documento 16 / 2016

Xoán Lopez Facal

www.foroeconomicodegalicia.es

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.

1- O sismógrafo migratorio.

2- Apertura da economía galega: dimensión real da apertura comercial e impacto da crise sobre a mesma

3- A economía galega no mercado de capitais: fluxos e stocks.

4- A distribución de filiais como índice de internacionalización corporativa.

5- A exportación de capital corporativo, motivacións e efectos de arrastre.

6- A importación de capital corporativo: incerteza, irregularidade temporal.

7- Breve epílogo sobre o impacto potencial do capital corporativo e algunhas conclusións prácticas.

FONTES

1.- INTRODUCCIÓN

O presente traballo pretende abordar unha análise preliminar dese complexo de temas e actividades á que aludimos co termo un tanto xenérico de internacionalización. O título do informe cualifica a propósito do mesmo como perspectiva, en alusión ao carácter heteroxéneo e impreciso do concepto. Ao final, o inmigrante que atopamos na rúa ou o fillo ou parente que traballa no estranxeiro, a empresa que intercambia produtos en mercados exteriores ou aquela que decide abrir instalacións produtivas fronteiras afora operan como marcadores de internacionalización en diferentes ámbitos e con propósitos e perspectivas autónomas e diferentes. En todo caso, poderíamos dicir que a internacionalidade comeza a pé da casa e afecta a diferentes ámbitos de actuación.

O punto de vista que pretendemos ilustrar, que poderíamos denominar polifacético, adopta como igualmente relevantes fenómenos en aparencia pouco conexos aínda que todos contribúan á inserción da nosa economía no seu contexto internacional. Os movementos migratorios e a sucesión de círculos mercantís concéntricos onde a empresa galega opera, desde o máis inmediato e local ao internacional máis afastado son os dous ámbitos máis inmediatos da pulsión internacionalizadora. Non obstante, o auténtico protagonismo da dinámica é a ostentada pola escorregadiza dinámica do capital corporativo entrante e saínte de Galicia.

As estatísticas migratorias e laborais, así como as comerciais, forman parte do menú ordinario das bases de datos do INE e o IGE. É preciso complementar estas co exame das táboas input-output da economía galega, *TIOGA* 2011, para revelar unha faceta crucial dos movementos comerciais como é a estrutura concéntrica dos diferentes mercados abertos ás exportacións e importacións galegas en sentido amplo: resto de España, Unión Europea e resto do mundo. Unha cuestión de carácter estrutural velada nas contas económicas agregadas e nas estatísticas habituais do comercio exterior que se limitan ao análise dos fluxos externos ás fronteiras españolas. Como é natural, non é posíbel dilucidar a titularidade dos movementos comerciais rexistrados por impedimento do secreto estatístico.

O obxectivo central do informe ocúpase da descrición dos movementos afluentes e efluentes a e desde Galicia segundo a base Datainvex da Secretaría de Estado de Comercio Exterior, a partir do Rexistro de Investimentos da Subdirección Xeral de Investimento Exterior. A información der Datainvex rexistra os fluxos de investimento exterior directo, IDE, tanto de entrada como de saída de España. A información sobre os fluxos IDE foi enriquecida a partir do 2007 coa inclusión da posición do stock de investimento exterior directo acumulado en cada ano. A información referida aos fluxos é actualizada trimestralmente e a dos stocks sometida a actualización anual con desfase de dous anos. Os datos rexistrados na serie das posicións do stock corresponden á valoración do investimento acumulado por investimento externo en España e no exterior por capital español. Inclúese así mesmo a cifra de negocio das sociedades receptoras de investimento exterior, o emprego xerado e os resultados.

Os datos da base Datainvex que adoptamos para o presente informe exclúen as operacións ETVE entidades de tenencia

de valores estranxeiros afluentes a España por motivos de aforro fiscal. Os axentes destas operacións son sociedades de carteira e instrumentais autorizadas para gozaren dun réxime fiscal vantaxoso desde 1996 e a índole das operacións que rexistran consiste mormente en transmisións intergrupo de participacións e dividendos de sociedades radicadas fóra de España. Da importancia das operacións ETVE dá boa fe o facto de estas superaren en magnitude as de carácter non ETVE, que poden ser cualificadas propiamente como operacións IDE, en sentido estrito.

A revisión que propomos da dinámica de fluxos e saldos xerados polos movementos de IDE a partir da base Datainvex permite comprobar a modesta posición de Galicia na emisión e recepción de capital corporativo internacional. Complementariamente, abordamos un breve relatorio das principais operacións de captación e emisión por parte da economía galega. O exame da experiencia acumulada polo investimento corporativo afluente a e efluente de Galicia, permite subliñar a dispar incidencia das operacións de entrada; desde a imprescindíbel desde o punto de vista do impacto estrutural de Citröen (Citröen Hispania: 1958) até irrelevante desde este mesmo punto de vista de Alcoa (1998: data de adquisición de Alúmina Aluminio ao INI por Alcoa). En canto aos movementos de saída de capital, cremos de interese adoptar como perspectiva valorativa a capacidade potencial de arrastre das operacións de exportación de capital sobre a nube de empresas auxiliares e eventualmente fornecedoras que acompañan à empresa protagonista. A implantación de centros comerciais en diversos países do mundo é un tema pouco estudado que podería aportar interesantes conclusións ao respecto.

O informe mantén unha tese implícita: a da radical autonomía de comportamentos dos axentes implicados nas diferentes áreas de internacionalización; os movementos migratorios, os comerciais e os relativos aos movementos de capital. Especialmente estes últimos que pertencen ao ámbito aleatorio por natureza da libre decisión dos "capitáns de empresa"· digamolo asi em formato schumpeteriano – e dos "animal spirits" – en tonalidade keynesiana que inspiran a estes a exporen os seus capitais.

Migracións, operacións comerciais, decisións de investimento exterior son facetas connotativas dese complexo que englobamos no concepto de internacionalización. Non cabe dúbida de que se trata de fenómenos conexos en última instancia pero empiricamente irredutíbeis na nosa opinión a leis de causalidade que pretendan xerarquizar e correlacionar os tres campos onde a economía e a sociedade se abren ao exterior.

O traballo cérrase cunhas breves consideracións sobre as liñas de actuación máis eficaces para a atracción de capital corporativo exterior de carácter máus ben pragmático, froito dunha certa experiencia profesional neste empeño.

1. O SISMÓGRAFO MIGRATORIO

O impacto da crise sobre a economía española marcou todos os ámbitos da actividade económica e social e ten no desemprego, tanto como nos movementos migratorios de entrada e saída, dous indicadores altamente reveladores. O segundo especialmente significativo para nós como manifestación da impacto da crise nos movementos migratorios que teñen a Galicia como orixe ou destino. Desemprego e fluxos migratorios de entrada e saída son efectos manifestos da existencia de desequilibrios económicos de longa duración e causa á súa vez da progresiva mobilización e internacionalización dos factores produtivos traballo, tecnoloxía capitais característicos do tempo que vivimos.

Tanto a prosperidade como a depresión provocan inmediatos efectos de chamada ou expulsión, potenciados pola ampla dispoñibilidade de información e emulación de condutas.

Unha revisión dos fluxos migratorios con orixe ou destino en Galicia, tanto con España como co resto do mundo, poñen de manifesto a estreita conexión coa conxuntura económica. As entradas (+), que viñan crecendo uniformemente desde os anos noventa comezan a caer ininterrompidamente a partir de 2007; as saídas (-), que xa apuntaban antes da crise, alcanzan o seu máximo a partir do 2007 con tendencia actual a estabilizarse. A dinámica descrita, partindo dos datos ofrecidos polo IGE é a seguinte:

Galicia, migracións



Interesa observar o efecto conxunto da dinámica de entrada e saída de fluxos migratorios en forma de saldos anuais netos con España e co resto do mundo relacionando estes coa evolución do desemprego, que constitúe a fin de contas o regulador en última instancia dos efectos de chamada e expulsión. Recorrendo de novo ás series do IGE mencionadas, podemos observar a estreita relación entre o crecemento do desemprego orixinado pola crise e a evolución dos saldos migratorios en consideración.

En 2007, o desemprego rexistraba un mínimo relativo de 98.000 efectivos que foi crecendo en forma imparábel até alcanzar os 285.000 en 2013.

A resposta migratoria dos fluxos co estranxeiro foi inmediata provocando unha caída brusca do saldo neto desde os 21.000 inmigrantes de 2007 até a entrada en valores negativos a partir de 2012. Os saldos migratorios co resto de España mostraban un comportamento similar se ben cunha reacción máis tardía, neste caso o saldo máximo positivo demoraba até 2009 entrando finalmente en valores negativos en 2013.

Concluímos o exame da dinámica de transmisión das pulsións migratorias como resposta aos cambio de conxuntura económica cunha revisión dos seus efectos sobre a distribución de inmigrantes por CC.AA. Os datos proceden da Enquisa Nacional de Inmigrantes do INE de 2007[1]. Na enquisa considérase inmigrante ao individuo maior de 15 anos nacido no estranxeiro e con permanencia superior a un ano. Exclúense os españois nacidos fóra e retornados antes de cumpriren dous anos.

Evolución do paro e dos saldos migratorios anuais (entradas-saídas)



1- http://www.ine.es/jaxi/Tabla.htm?path=/t20/p319/a2007/p02/l0/&file=04003.px&L=0

É pertinente sinalar que os inmigrantes residentes en Galicia procedían case en gran medida dos países americanos (53% contra o 40% en España) e europeos (40% contra 38%) con menor incidencia dos de outras procedencias (5% contra 17% de procedencia africana e 2% contra 5% de Asia e Oceanía).

Destaca a modestia de Galicia como Comunidade receptora de inmigración exterior con apenas 3,4% do total en España. A cota resultante, que mide o efecto acumulado do atractivo de Galicia como destino, remite naturalmente á capacidade do país para ofrecer emprego e, en última instancia ao grao de desenvolvemento e dinamismo económico sen esquecer a excentricidade respecto ás áreas de decisión e acumulación de capital. Un patrón que se repetirá no resto de indicadores representativos do atractivo relativo de Galicia no contexto internacional, nomeadamente no referente aos fluxos de capital.

Enquisa Nacional de Inmigrantes. Residentes por Comunidade Autónoma: 2007

CC.AA. 2007	Inmigrantes residentes	%
Cataluña	923.156	20,39
Madrid	882.293	19,49
Comunidade Valenciá	691.332	15,27
Andalucía	555.831	12,28
Canarias	276.827	6,12
Murcia	184.463	4,08
Illas Baleares	180.360	3,98
Galicia	**152.422**	**3,37**
Castela-A Mancha	135.761	3,00
Castela e León	121.761	2,69
Aragón	110.010	2,43
País Vasco	100.701	2,22
Navarra	51.107	1,13
Asturias	48.058	1,06
A Rioxa	34.795	0,77
Cantabria	30.057	0,66
Extremadura	27.870	0,62
Melilla	13.244	0,29
Ceuta	6.474	0,14
Total	**4.526.522**	**100**

A sensibilidade da resposta externa aos indicadores económicos ten moito que ver, como xa apuntamos, coa crecente facilidade de acceso á información e á xeneralización da rede informática. Os fluxos informativos forman parte determinante na actualidade da toma de decisións, tanto no ámbito empresarial como no doméstico. As fronteiras volvéronse porosas e, como estamos experimentando, difíciles de gardar.

Non é habitual ponderar as vantaxes da presión inmigratoria e, sen embargo, é patente o seu potencial paliativo do preocupante fenómeno da desertización demográfica a que nos vemos sometidos e ao inexorábel envellecemento da poboación en todo o continente. O enrarecemento da oferta laboral en actividades que esixen menor cualificación profesional e especial dureza son tamén fenómenos manifestos especialmente en períodos de crise. A Europa envellecida precisa de aportes demográficos ordenados e persistentes e Galicia non é unha excepción.

2- Apertura da economía galega: dimensión real da apertura comercial e impacto da crise sobre a mesma

Unha cuestión de considerábel importancia, que non recibe habitualmente a debida atención, é a do grao de apertura comercial real dunha economía de carácter sub estatal como a galega que tende a asimilarse co grao de apertura ao comercio internacional. A área que permanece implícita ou se dá por suposta é a dos intercambios comerciais intra estatais, imprescindíbel para coñecer a auténtica dimensión da exposición da economía ao exterior. ¿Cómo distribúe Galicia os seus fluxos comerciais entre os diferentes espazos xeográficos, do máis próximo ao máis remoto?

A segunda cuestión que cremos pertinente examinar é a do impacto da crise vixente sobre o comercio internacional da economía galega e o impacto da mesma sobre o grao de apertura ao comercio internacional da nosa economía. ¿Cal foi o impacto da crise en curso sobre a nosa actividade comercial? ¿Como afectou ao volume de transaccións comerciais internacionais en relación co PIB?

Abordamos a primeira cuestión, de importancia manifesta se queremos evitar o erro habitual de esquecer o resto do territorio español como primeira fonte e destino de aprovisionamento e comercialización. O segundo círculo comercial é, como sabemos, a UE, especialmente a área euro con Portugal e Francia á cabeza, e o terceiro, o resto do mundo, con especial ligazón cos países fornecedores de materias primas: petróleo e gas natural, minerais e aprovisionamentos para o consumo animal como partidas máis significativas. Poderíamos describir o noso mapa comercial en catro círculos concéntricos: mercado inmediato (Galicia), mercado doméstico (resto de España), mercado interior (Unión Europea) e finalmente mercado exterior. A posición das empresas nos catro círculos comerciais e a evolución do patrón de distribución define con precisión a índole e grao de desenvolvemento das mesmas.

Como é sabido, o discernimento entre os mercados inmediato e doméstico é un asunto tecnicamente arduo, normalmente encomendado ás análises periódicas input-output aínda que non falten instancias que se ocupen deste asunto como é o CEPREDE en España[2].

No noso caso recorreremos ás Táboas Input-Output 2011 ofrecidas polo IGE últimas dispoñíbeis para examinar someramente a distribución característica entre

Galicia 2011: oferta e demanda agregada (Cifras en miles de euros)

	Oferta		Demanda		
VAB (prezos básicos)	**51.291.607**	**63,16**	**44.377.982**	**54,64**	**Consumo**
Importacións (cif)	**28.909.981**	**35,60**	**26.909.689**	**33,14**	**Exportacións**
Resto de España	12.691.887	43,90	13.240.967	49,21	Resto de España
UE 27	9.127.458	31,57	9.740.083	36,20	UE 27
Resto do Mundo	7.090.636	24,53	3.928.639	14,60	Resto do Mundo
Impostos s/consumos intermedios	**1.009.930**	**1,24**	**9.924.147**	**12,22**	**FBC**
Total	**81.211.518**	**100**	**81.211.518**	**100**	**Total**

2- C-intereg: Informes estadísticos de comercio interregional; http://www.c-intereg.es/metodologia.asp

os mercados exteriores da economía galega.

Examinemos a tal efecto a composición da oferta e a demanda agregadas en 2011. O grao de apertura real exportacións más importacións sobre VAB xerado a prezos básicos no noso caso supera claramente o 100% do produto xerado: 1,09. Esta índice acostuma a pasar desapercibido cando, como é habitual, só se consideran as transaccións exteriores ao mercado español. A perspectiva analítica habitual limítase, en efecto, a operar coas series de comercio exterior proporcionadas pola base Datacomex da Secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Economía e Competitividade que só rexistra as transaccións comerciais exteriores á fronteira española.

As cifras de exportacións e importacións rexistradas na perspectiva internacional habitual no ano 2011 son, respectivamente, 13.669 e 16.218 millóns de euros que reducen o índice de apertura, [(X+M)/PIB], ao consabido nivel do 60% normalmente aceptado. Os fluxos comerciais, incluído o mercado español, ascenden nese ano a 28.549 e 30.569 respectivamente, valoradas a prezos correntes, como se pode constatar no Cadro macroeconómico de Galicia, Base 2010, Serie 2000-2013.

As TIOGA-2011 permítennos examinar en cambio a distribución de importacións e exportacións nos mercados que denominamos inmediato, doméstico, interior e exterior que desencarta o mapa completo da extroversión dunha economía de índole sub estatal como a nosa. A decisiva importancia do mercado do resto de España para a economía galega e o carácter marcadamente equilibrado dos intercambios comerciais neste ámbito son trazos manifestos do mercado doméstico.

É pertinente sinalar, de acordo con a matriz de destino da TIOGA 2011, que no conxunto das importacións estimadas, nada menos que 21.818.777 miles de euros (75,5%) se dirixen a consumos intermedios do sistema produtivo galego; o consumo final absorbe apenas 4.930.861 (17%) do montante e o resto, por importe de 2.160.343 miles de euros (7,5%), son obxecto de reexportación. Entre as importacións absorbidas polo consumo intermedio – 21.819 millóns de euros figuraban no 2011 partidas tan significativas como 3.669 millóns de hidrocarburos e derivados, 2.041 de produtos metalúrxicos e 2.037 millóns de compoñentes do automóbil que en conxunto supoñen case o 36% da totalidade do valor dos insumos importados.

En relación coa actividade comercial ten especial interese examinar o impacto da crise económica, medida pola dinámica do PIB, sobre as exportacións e importacións. Observaremos de paso o efecto desta sobre o índice de apertura da nosa economía.

Para simplificar a análise, operaremos con números índice descritivos tomando como base o ano 2000 (I2000 = 100). As respectivas series veñen expresadas en termos nominais e proceden do IGE[3].

A dinámica das magnitudes examinadas mostra como o crecemento nominal do PIB alcanza um índice máximo de 170 en 2008 sobre o ano 2000 e a partir daí inicia unha lenta contracción até o índice 160. As exportacións anticipan o máximo de 200 ao ano 2007 experimentando unha brusca caída até o 2009 seguida dun decidido ascenso até o momento actual. As importacións, que acompañaron a brillante expansión das exportacións até o 2006,

3-Entradas: Comercio exterior e intracomunitario segundo seccións e capítulos TARIC, Cadro macroeconómico de Galicia. Base 2010. Serie 2000-2013.

inician a partir do ano seguinte un marcado proceso de contracción que rebota no 2009 para retomar a continuación unha senda de ascenso que neste caso cabe cualificar de discreto. En definiva, as exportacións despegan das importacións a partir do 2007 nunha dinámica que cabe atribuir á forte reacción das empresas en resposta á crise mentres as importacións fican lastradas pola debilidade da demanda interior.

Como quer que sexa, a actividade comercial externa medida polo índice de apertura manifesta un franco prrogreso entre o valor mínimo rexistrado en 2009 (0,48) e o máximo alcanzado no 2013 (0,61).

Galiza 2011: Exportacións (+) e importacións (-)



O impacto da crise sobre o comercio exterior



3- A economía galega no mercado de capitais: fluxos e stocks.

Á parte dos movementos comerciais, a perspectiva mais relevante da exposición da economía aos mercados exteriores é a relativa aos movementos de capital corporativo. A entrada e saída de investimento directo dende ou cara ao exterior revelan o atractivo estratéxico dunha economía e as liñas de forza que orientan a súa expansión internacional.

Procederemos cunha breve revisión dos datos actualizados de investimento estranxeiro directo, IDE, procedentes da base DataInvex da Secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Economía e Competitividade. O período considerado cubre o lapso temporal aproximado de doce anos: 2004 a setembro de 2015. Adiantemos que o capital afluente a Galicia neste período ascendeu a 2.260,3 millóns de euros e o efluente por investimentos de empresas galegas no exterior a 10.808,9 millóns. Constatamos que as cifras de investimento no estranxeiro multiplican case por cinco ás de captación directa de capital foráneo.

Á partir de aí, dúas cuestións suscitan especial interese: a primeira é a capacidade relativa da economía galega con respecto á española para emitir e recibir fluxos de investimento exterior e a segunda a delimitación do mapa básico dos países implicados nestes movementos cruzados de capital que atinxen á nosa economía.

Canto á primeira cuestión, o atractivo de Galicia como destino de investimento directo externo debe ser cualificada de extremadamente moderada; apenas o 1,06% do montante afluente a España no período 2004-2015: 2.260,3 millóns sobre 212.581,7. A posición relativa empeora aínda se a variábel é a capacidade investidora no exterior; Galicia emite só o 0,38% do capital efluente: 10.808,9 millóns contra 2.841.577,2.

Un e outro indicador debe ser tomado, sen embargo, con cautela. É un feito ben coñecido o desproporcionado protagonismo das comunidades madrileña e catalá nas transaccións de capitais tanto de signo receptor como emisor. Descontado este efecto, ao cal habería que engadir aínda a especialización industrial da rexión vasco navarra, a capacidade receptora e emisora de capitais da economía galega merece un xuízo máis ponderado. Sen esquecer que a elevada concentración de sedes corporativas en Madrid e Barcelona enmascara en medida difícil de calibrar a distribución xeográfica final das iniciativas.

Examinando agora o mapa dos países de orixe e destino do capital de titularidade galega pode observarse que durante os últimos doce anos obxecto de análise, o primeiro país investidor en Galicia é Portugal, confirmando de novo a indiscutíbel relevancia da relación transfronteiriza. O 88% dos capitais recibidos pola economía galega entre 2004 e setembro de 2015, por valor de 1.991,5 millóns de euros distribúense entre Portugal (45%), Italia e Luxemburgo significativa esta última orixe! – cun 13% a 14%, seguidos de Brasil e Reino Unido, en volta do 8%, e xa en menor medida México cun 4% e a China cun 2,9%. Non deixa de sorprender a ausencia de Francia na listaxe, relegada a unha exigua contribución de 20,9 millóns de euros no período sen que podamos descartar contribucións indirectas vía Madrid.

O mapa de países destinatarios do investimento galego pode resultar máis sorprendente. Seleccionamos os 10 países receptores de investimentos superiores aos 300 millóns nos doce anos considerados.

O investimento conxunto dirixido a este subconxunto privilexiado ascende no período mencionado a 7.433,1 millóns: 69% dos 10.808,9 millóns de euros investidos no exterior. Destacan entre os destinatarios os E.U.A. (25,2%) e a Gran Bretaña (14,2%), seguidos de Italia, Francia e Luxemburgo de novo! con cotas en volta do 10% ao 11%. Aparece inesperadamente a continuación Turquía cun 7,8%, seguida dos inevitábeis Portugal e Brasil con 496,5 millóns (6,7%) e 452,4 millóns (6,1%) respectivamente. Cerran a listaxe Exipto (4,7%) e os Países Baixos (4,6%). o primeiro seguramente por operacións atribuíbeis ao sector enerxético.

Cerramos esta sección co rexistro estatístico dos stocks de investimento acumulado no período 2007 a 2013 ofrecido por DataInvex baixo o concepto de stock de posición investidora. A magnitude e evolución do referido stock da posición investidora de Galicia no exterior, tanto en termos absolutos como relativos a España, completan este exame da posición da economía produtiva galega no movemento recente de capitais.

Sen ocultar a modestia relativa da contribución galega aos fluxos de entrada e saída de capitais durante os últimos doce anos, é satisfactorio comprobar que o stock de capital acumulado no estranxeiro non só describe unha tendencia crecente, como era de esperar, senón que supera incluso a crecente capacidade investidora de España no exterior.

O stock de capital galego no exterior, que ascendía a 7.155,7 millóns de euros en 2007, foi crecendo progresivamente até alcanzar os 11.237,4 rexistrados en 2013.

A peso relativo de Galicia no capital corporativo acumulado no exterior polo conxunto da economía española segue a tendencia porcentual que observamos.

Axustando unha función exponencial aos sete valores observados ao % de stock de capital acumulado pola economía galega no exterior sobre o total de España entre 2007 e 2013, constátase unha taxa de crecemento anual acumulativo do stock de capital no período do 5% (5,2%) que, con todas as reservas que impón unha serie tan curta, confirma a hipótese da mellora progresiva do investimento de Galicia no exterior respecto ao conxunto da economía española. Non podemos esquecer, con todo, que o stock de capital galego rexistrado no exterior roza o 3% cando o peso económico de Galicia en España supera o 5%: 5,25%.

Stock de posición investidora de Galicia no exterior



4- A DISTRIBUCIÓN DE FILIAIS COMO ÍNDICE DE INTERNACIONALIZACIÓN CORPORATIVA

O INE ofrece información relativa à distribución das filiais de empresas estranxeiras por comunidades autónomas e tamén aínda que neste caso sen distribuír por comunidades autónomas as característica das filiais de empresas españolas no exterior. O exame deste rexistro ofrece unha confirmación complementaria do modesto papel da Galicia na captación de iniciativas externas.

En 2013 se rexistran 10.722 filiais de empresas estranxeiras censadas en España, 8.677 (81%) de matriz europea 6.555 (61%) da zona euro – 1.463 (14%) de procedencia americana e as restantes 582 da Asia, África e Oceanía.

A ninguén estrañará que Madrid (4.170 filiais) e Cataluña (3.588 filiais) concentren máis do 72% das filiais rexistradas en España e que Galicia conte apenas con 206 filiais, (1,9% do total), menos da metade das 445 filiais asentadas no País Vasco. A distribución espacial do capital corporativo e localización das súas sedes centrais é un feito consabido.

A distribución das diversas magnitudes características das filiais censadas mostra un patrón de distribución similar. A ocupación laboral das filiais concéntrase nas comunidades de Madrid e Cataluña que ostentan o 77% do emprego xerado (981.975 ocupados de 1.270.499) e o 71,1% da facturación (324,3 miles de millóns de euros sobre 434,5).

Do resto dos índices descritivos destacamos o de "investimento bruto en activos materiais" que é o indicador onde Galicia ostenta a mellor cualificación en termos relativos: 402,2 millóns de euros sobre 12.450: 3,2% do total. O dato podería apuntar ao impacto das instalacións da multinacional Alcoa na costa norte luguesa.

Canto ás filiais españolas no estranxeiro, a cifra facilitada para o 2013 é de 4.760 establecementos cunha ocupación xerada de 173.023 empregados e un volume de facturación de 63.300 millóns de euros. O número de filiais españolas no exterior non alcanza nin sequera a metade do das filiais estranxeiras asentadas en España. As filiais españolas no exterior distribúen a súa actividade entre a industria (22,7%), a construción (16,5%), as actividades comerciais (25,4%) e os servizos (35,4%). Sería interesante coñecer a contribución da rede exterior de Inditex a este último segmento.

Abunda neste universo de filiais no exterior a micro (0 - 9 empregados) e a pequena empresa (10 - 49) que concentran conxuntamente o 76% do número de filiais españolas aínda que apenas representen o 25% do volume de negocio xerado e o 5,5% da ocupación. Estes dous indicadores caen no dominio das medianas (50 - 249) e grandes filiais (> 250).

5- A exportación de capital corporativo, motivacións e efectos de arrastre.

Os motivos que xustifican o investimento empresarial no exterior son variados e difíciles de resumir a patróns simples porque caen por dereito propio na categoría dos "animal spirits" aos que Keynes fiaba os impulsos de investimento. Outro aspecto interesante da exportación de capital son os efectos inducidos sobre o entorno empresarial do titular da iniciativa. A capacidade de estímulo e arrastre dun investimento exterior sobre o tecido empresarial galego este está suxeito a múltiples condicionantes como o horizonte temporal do investimento ou o sector de actividade en que este se inscribe. Poderíamos pensar que unha iniciativa de tipo comercial – pensemos en Inditex – comporta efectos limitados sobre o tecido industrial galego porque estes se distribúen a súa rede fornecedores por diferentes países do mundo ou que os investimentos ligados á construción comportan escasos efectos estimulantes sobre o tecido empresarial galego debido á fugacidade da operación. Sen embargo, hais indicios claros do efecto benéfico deste tipo de investimento sobre o tecido empresarial galego, mediante o estímulo transmitido ao conxunto de pequenas empresas auxilares acompañnates: asesoramento técnico, enxeñaría, montaxe de instalacións, servizos empresariais.

Como é sabido, o sector español da construción reacionou á caída da contratación de obra pública e privada intensificando con notábel éxito a licitacións de grandes proxectos internacionais. A presenza de firmas como ACS, Ferrovial, FCC, Acciona, OHL ou Sacyr en importantes obras de infraestrutura e diversas áreas xeográficas levou a estes grupos a operar en ambiciosos proxectos internacionais en diversos países: americanos (EE.UU., Canadá, Panamá, Colombia, Ecuador, Perú…), europeos (Gran Bretaña, Noruega, Alemania…) ou do Oriente Medio (Arabia Saudí, Qatar). A capacidade financeira, a competencia técnica e a experiencia en obras similares son condicións imprescindíbeis, por non falar da habilidade negociadora.

Menos coñecida é a presenza de importantes construtoras galegas neste esixente mercado da grande obra pública. É o caso de Puentes y Calzadas, con adxudicaciones en Rumanía e Namibia e boas perspectivas de expansión a países como Polonia, Angola, os EE.UU. e o Ecuador. Como tamén de Aluminios Cortizo e Inasus, especializados na montaxe de fachadas, e de Espina & Delfín en infraestruturas de auga e saneamento, con proxectos en países en desenvolvemento como Bolivia, Perú e Colombia. Outro destacado grupo galego da construción con importantes ecomendas exteriores é o ourensán Copasa, presente no proxecto do tren de alta velocidade e dobre vía que unirá Medina con A Meca (450 km). O mesmo grupo desenvolve actualmente un hospital de referencia en Guayaquil (Ecuador) consorciado co grupo chinés Sinohydro. Todos estes proxectos comportan notábeis efectos inducidos através das empresas colaboradoras dos consorcios adxudicatarios e nos equipos pluridisciplinares de alta capacitación técnica acompañantes.

Un sector relativamente próximo ao da construción é o ligado á explotación de concesións portuarias que ten en Galicia unha firma de referencia no Grupo Nogar con base en Marín. Este grupo desenvolve actualmente dúas grandes implanta-

cións loxísticas en lugares de tanto potencial estratéxico como o Atlántico sur e o Pacífico. No Atlantico sur, o grupo Nogar promove, en rexime de concesión e consorcio, a Terminal logísitica de Paraguaná, (Brasil) e no Pacífico, a de Paracas-Pisco (Perú). A primeira, operada pola Terminal de Contêineres de Paranaguá, TCP, creada em 1998 e actualmente en plena actividade[4], con capacidade para movimentar 1,5 millón de TEUs/ano despois de investir nas instalacións 365 millóns de reais; en torno a 90 millóns de euros. O Consorcio Paracas do Perú integra ás empresas brasileiras Pattac Empreendimentos e Participacões e Tucumán Engenharia e Empreendimentos Ltda.

Á parte dos beneficios sobre o propio grupo en termos de imaxe, rentabilidade e dimensión, a impresionante carreira de internacionalización emprendida polo grupo Inditex constitue na actualidade o máis firme vector de internacionalización en curso en Galicia, a través da súa estratexia de rodearse de empresas de servizos e equipos técnicos de titularidade galega. Moitos dos directivos e responsábeis acompañantes detectarán através da experiencia adquirida en procesos de implantación no exterior novas oportunidades profesionais e de negocio. A apertura de grandes áreas comerciais en países de alto potencial de crecemento é un factor singular de promoción internacional que está lonxe de ter esgotado as súas potencialidades. O Grupo Inditex opera como un auténtico vector de internacionalización da empresas auxiliar galega ainda que non coñezamos de momento a magnitude e composición deste rede auxiliar.

Un recente exemplo de internacionalización produtiva de orixe e intención manifesta é o ambicioso proxecto que pretende desenvolver en Brasil o empresario coruñés Manuel Sánchez Añón. A súa ampla experiencia no sector do aceiro e as menguantes perspectivas do sector en Europa pesaron sen dúbida na intención de replicar a experiencia europea no Brasil. Manuel Sánchez Añón é membro dunha coñecida dinastía de ferrallistas que opera en Galicia desde os anos sesenta. O empresario saltou á actualidade con ocasión da adquisición dunha factoría en Bayona, Francia, no 2004, que acabou vendendo tres anos despois á catalana Celsa, xunto coa factoría matriz de A Laracha, en máis de 400 millóns de euros.

Sanchez Añón impulsa actualmente a construción dun ambicioso complejo no estado brasileño de Ceará: Siderúrgica Latino Americana (Silat). O complexo comprende unha fábrica de mallas e outra de laminación, xa en estado operativo, á cal seguirá, se a situación da economía brasileña o aconsella, unha aceraría. O complexo en proxecto, que conta con axudas públicas, tería alcanzado xa un volume de investimentos en torno aos 200 millóns de euros, segundo algunhas informacións, cun teito proxectado de 600 millóns, se o mercado o demandar. A produción final prevista podería alcanzar as 700.000 toneladas anuais. Escusado recordar que a fraxilidade das economías emerxentes e a súa marcada dependencia da conxuntura internacional condicionará a traxectoria dun investimento como este de dilatado horizonte de desenvolvemento.

En relación con proxecto de Sanchez Añón e os seus efectos de arrastre inmediatos interesa destacar a notábel implicación de compañías auxiliares galegas no proceso de implantación. A enxeñaría do proceso e da obra civil foi encomendada a duas empresas coruñesas (Russula e

4- ANTAQ, Agência Nacional de Transportes Aquaviários: http://www.antaq.gov.br/Portal/MapaSitio.asp#Portos

Vipecón), a construción e instalación das naves a Metalúrgica do Deza (Metaldeza), buque insignia da familia Cuíña de Lalin, xunto con Inasus que opera no negocio da instalacións de fachadas de aluminio. A Silat emprega tamén persoal especializado galego.

Merece tamén unha mención o grupo Finsa, lider no sector madeireiro galego e suxeito a un severo proceso de contracción pola caída do mercado da construción pola recente toma de participación estratéxica no grupo mexicano Proteak, fundado no 2001, que posúe 18.000 hectáreas en explotación de madeiras de cualidade como a teca.

Por último, pode resultar pertinente examinar unha operación de gran envergadura aínda que de escaso potencial de arrastre. A operación á que aludimos increbese na estratexia corporativa de "fusións e adquisicións" de empresas (mergers and acquisitions en acrónimo en inglés, "M&A") tan habituais en conxunturas expansivas. Desde un punto de vista galego o episodio pode ser cualificado de "investimento externo por motivos de oportunidade", como foi no seu día a operación de entrada de Alcoa en San Cibrao en substitición do grupo INI. O impacto económico interno é neste caso limitado por tratarse de operacións de troco patrimonial sen efectos sobre os activos produtivos implicados. Referímonos á ambiciosa operación de internacionalización corporativa protagonizada polo grupo Ferroatlántica, propiedade de Villar Mir, con destacada implantación industrial na ría de Corcubión e en Sabón.

O grupo Ferroatlántica naceu en 1992, a partir da adquisición da división de ferroaliaxes que posuía en Galicia un importante grupo industrial cargado de historia: Carburos Metálicos. En 2007 constituíase o Grupo Ferroatlántica despois dun rápido proceso de adquisicións de activos en varios puntos da península coa finalidade de configurar unha corporación com proxección internacional no segmento da metalurxia do cuarzo, o silicio e das ferroaliaxes de silicio e manganeso. En 2015, o Grupo Ferroatlántica acometía o salto definitivo ao escenario global mediante unha operación de fusión co grupo norteamericano Globe Specialty Metals. O grupo resultante configura agora unha corporación global con sede en Londres e cotización no NASDAQ, controlada por Villar Mir nun 57%. A súa dimensión aforra comentarios: capitalización, 2.740 millóns de euros; facturación conxunta en 2014, 1.800 millóns, Ebitda de 287 millóns; rede industrial de 26 fábricas espalladas por once países e catro continentes; 4.700 empregados. Os camiños da internacionalización produtiva, como o salto ao escenario globalizado, son con frecuencia impredecíbeis; vémolo no grupo Ferroatlántica, ou no grupo Nogar ou, en forma paradigmática, en Inditex.

6- A IMPORTACIÓN DE CAPITAL CORPORATIVO: INCERTEZA, IRREGULARIDADE TEMPORAL.

Non é posíbel establecer unha pauta temporal consistente relativa ao afluxo de capital corporativo à economía galega. O patrón de recepción de capital é aleatorio e de probabilidade escasa[5]. A incerteza do suceso e a irregularidade na súa ocurrencia é a lei que preside o fenómeno de entrada de capital corporativo transnacional nun modesto espazo económico de carácter subestatal, carente de dimensión e con limitada capacidade instrumental para atraer iniciativas.

O atractivo de Galicia como destino dos fluxos de capital corporativo afluentes a España e a súa capacidade investidora no exterior son extremadamente modestos en termos relativos como tivemos ocasión de constatar. Nos doce anos transcuridos entre 2004 e setembro de 2015, Galicia só conseguiu captar o 1,06% do capital afluente a España e apenas contribuiu cun 0,38% ao capital corporativo investido no exterior polo conxunto da economía española. Medindo estes ratios en termos de peso económico relativo de Galicia en España 5,25% do PIB español a capacidade atractiva da nosa economía sitúase no 20% da media española e a nosa potencia investidora no exterior en apenas o 7,25%. Naturalmente, esta avaliación en bruto debe ser ponderada á luz da forte polarización da actividade IDE nas áreas metropolitanas de Madrid e Barcelona.

A imprevisibilidade do patrón temporal observado na magnitude do capital afluente e a escasa información disponíbel sobre as motivacións das operacións dificultan extraordinariamente a formulación de hipótesis sobre a dinámica deste fenómeno aínda que si podamos tirar algunha conclusión do mapa provisional do afluxo de capital con destino galego.

Capital corporativo afluente a Galicia



5- En teoría de probabilidades evócase a distribución de Poisson que predí a probabilidade de ocorrencia dun determinado número de eventos por unidade de tempo de probabilidade escasa

O rexistro do INE "Datos de Inversión Extranjera en España" particularizado por países de procedencia, ofrece unha imaxe bastante congruente tanto da irregularidade e incerteza características dos fluxos de capital como do mapa de países interesados na nosa economía.

A curva representativa de capitais corporativos afluentes a Galicia durante o último decenio debuxa un perfil errático con máximos relativos en 2004, 2011 (máximo do período), e 2013 e mínimos en volta do 2008 e na actualidade. Destacamos o espectro de países interesados: Portugal (364, 126, 336 millóns de euros), Brasil (159 millóns de euros), e, recentemente China (54 millóns de euros en 2011). As iniciativa subxacentes aos impactos rexistrados han de ser rastrexadas nas páxinas de información económica da prensa.

Na análise en prensa deste tipo de operacións en anos recentes son especialmente desatacábeis as operacións de entrada de capitais no sector da construción naval privada da ría de Vigo. Referímomos á entrada de capital capital méxicano de procedencia pública (Pemex) nos estaleiros Barreras e de capital privado chinés angolano (China Sonangol) no grupo Rodman Polyships.

A operación de toma de control dos estaleiros Barreras, protagonizada pola petroleira pública mexicana Pemex, materializouse a finais do ano 2013 mediante a adquisición do 51% do estaleiro por parte do grupo petroleiro, reservándose o 49% restante os seus propietarios iniciais, o empresario vigués José García Costas e o armador vasco Iñaki Latxaga. A operación parecía prometedora na medida en que o estaleiro galego se ligaba a un grupo con alta capacidade demanda. Dous grandes floteis de servizo, a construir en Vigo e Ferrol, e cinco buques máis, un atuneiro, unha unidade para abastecemento e tres buques tanque, xunto con outros que serían asignados a outros estaleiros privados da ría de Vigo como Armón e Freire configuraban a encomenda inicial. Rematados os dous florteis, o resto da encomenda sumiuse nun cauto silencio congruente coa delicada situación económica que atravesa Pemex e o conseguinte proceso de consolidación emprendido polo goberno mexicano en detrimento do programa de investimento previsto. A operación orixinal fora saudada con optimismo pola administración e os medios sidicais como remedio a unha crise sen perspectivas que non ocultaba, con todo, o receo suscitado polo temor aos efectos da transferencia de teconoloxía e know how da compañía viguesa á corporación mexicana. No momento inaugural chegouse a barallar mesmo a posibilidade de que Pemex estivese interesado en instalar unha terminal no porto exterior coruñés de Punta Langosteira. Os planes futuros de Barreras fican agora conxelados en espera da evolución do prezo do petróleo e da consolidación financeira do grupo adquirente.

A finais de 2014 saltaba de novo á actualidade a noticia da toma de control de outra importante firma naval viguesa por un grupo investidor foráneo. O grupo destinatario da operación era neste caso o dos estaleiros Metalships & Docks e Rodman Lusitania e o grupo adquirente China Sonangol de capital mixto angolano chinés, segundo a información disponíbel. O paquete accionarial transmitido afectaba nesta ocasión ao 60% do capital con intención de completar a operación até o 100% para incluir o estaleiro matriz Rodman Polyships, segundo datos non confirmados. A operación parece de momento conxelada debido á detención no seu país do vicepresidente da compañía adquirente, o magnate chinés Sam Pa. Igual que no caso de Barreras, a operación Rodman

incluía unha sustanciosa encomenda de embarcacións de distinto tipo con destino a Angola.

Investimentos de oportunidade nun e noutro caso con final de momento incerto a causa da fraxilidade sobrevinda aos grupos investidores. A mudanza e inestabilidade inherente ao cadro financeiro internacional acentúa a volatilidade das operacións corporativas a teor das mudanzas sobrevindas aos países investidores.

Calquera que sexan as dificultades que atravesa a economía chinesa o seu papel protagonista nas relacións comerciais e nos movimentos de capital no século XXI fica fóra de toda dúbida. Máis alá do episodio inconcluso da incursión da capital chinés na industria naval viguesa, non debemos esquecer que o capital chinés opera xa satisfactoriamente en Porriño a través do Citic Group China International Trust desde 2011, ano en que adquiriu unha factoría local cargada de historia como é Gándara Censa (1965). Na actualidade, a planta mantén un cadro de persoal de 200 traballadores dedicados á elaboración de grandes instalacións destinadas á exportación a explotacións mineiras. Un caso, como podemos observar, de sustitución virtuosa de capital local por capital foráneo con efecto expansivo. O investimento inicial de 50 millóns de euros pode ter sido duplicado xa en operacións de ampliación e acondicionamento no momento actual.

Una operación similar e coetánea coa anterior, aínda que sumida de momento en serias incertidumes, é a da promoción dunha planta para produción de cordón de aceiro pretensado e ubicada nas Pontes por parte de empresa Daxiong Spain (Tianjin Daxiong Prestressed). O investimento de partida foi de 5 millóns de euros con 40 empregados. A perspectiva orixinal do investimento centrábase tamén na comercialización en mercados internacionais, razón pola cal non cabe aducir neste caso que se teña visto afectada polo colapso da industria española da construción.

A fortaleza da balanza chinesa por conta corrente dota a China dunha potente capacidade investidora no exterior; o inmenso país asiático trata de afianzar o seu papel de gran potencia global asegurando o control do subministro de materias primas e bases operativas que lle garantan unha capacidade de crecemento estábel, o aceso a tecnoloxías de vangarda e a diversificación da súa oferta de produtos de consumo. En 2005 Lenovo, corporación chinesa-norteamericana onde o capital chinés ostenta o principal paquete accionarial compraba a división de computadores da IBM por 1.270 millóns de dólares. Pero o capital chinés tamén está interesado na adquisición de viñedos de prestixio e de know how enolóxico como demostra a adquisición en 2008 do Château Latour-Laguens, da prestixiosa denominación Burdeos, cunha produción anual de 160.000 botellas.

A China interésase tamén polas conservas galegas e polo potencial dos seus mercados de exportación. En abril de 2016 confirmabase a adquisición da histórica conserveira viguesa Albo (Vigo, 1869) pola compañía chinesa Shangai Kaichuang por un importe de 61 millóns de euros. Conservas Albo, cunha facturación en torno aos 85 millóns e 300 operarios, conta cunha marca tradicional consagrada e unha notábel posición exportadora, argumentos de peso para a gran corporación chinesa compradora: Shangai Kaichuang.

O afluxo de capital chinés debe ser visto como unha tendencia irreversíbel, en ningún caso episódico. A China está chamada a ser un protagonista principal na economía global e a súa estratexia de implantación en Latinoamérica e África así o indica. A importancia concedida polo xigante asiáti-

co á Unión Europea é tamén manifesto. En 2009, o Estado grego vendía explotación do porto do Pireo por un prazo de 35 anos á empresa pública chinesa Cosco, por importe de 500 millóns de euros. Cosco transformou o porto nun importante nodo do tráfico de contedores con 3,16 millóns de TEU´s movimentados no ano 2014 despois de aplicar 1.000 millóns de dólares á modernización da terminal.

Agora mesmo, en xaneiro de 2016, facíase público un protocolo preliminar de acordo entre as administracións alxeriana e chinesa para construir o maior porto comercial de Arxelia, na localidade de Handanía, a 70 quilómetros de Arxel. A obra, orzada en 3.000 millóns de euros, é un enclavamento de carácter estratéxico para o acceso ás rutas do Atlántico. Un dato de interese para toda a fachada atlántica europea

Observamos no gráfico anterior a patente presenza de capital de procedencia lusófona na economía galega. Parece chegado o momento de prestarlle a debida atención.

Brasil está xa en Galicia como era de esperar tarde ou cedo; a conexión galega foi propiciada pola relación luso brasileira como era tamén previsíbel. O grupo que protagoniza a presenza brasileira en Galicia é o xigante brasileño Votorantim Cimentos, unha das “ten tops” mundiais do sector do cemento e o formigón cunha capacidade de produción de 54,5 millóns de toneladas anuais de cemento e presenza en vinte países[6]. O grupo brasileiro irrompía en Galicia en 2012 despois de unha operación hostil de control exercitada pola corporación brasileria sobre Cimentos de Portugal (Cimpor) que se viu finalmente obrigada a cederlle o pleno control do grupo galego Corporación Noroeste, antigamente Cementos Noroeste. O grupo galego naceu nos anos 50 do pasado século para elaborar cemento a partir dos xacementos de caliza existentes na provincia de Lugo. Corporación Noroeste Cimpor acabou configurando un importante grupo cementeiro através da adquisición dunha rede de quince sociedades filiais repartidas por toda España. A sede viguesa do grupo pertence agora á división Votorantim Industrial, un holding que opera em sectores industriais variados intensivos en capital con actividade nos sectores da siderurxia, a enerxía, a celulosa e a actividade agroindustrial e conectadas por unha plataforma financeira: Votorantim Finanças.

Brasil é ademais na actualidade un poderoso cliente de produtos da máxima esixéncia técnica como son os componentes da emerxente industria aeroespacial galega. Outro xigante brasileño, Embraer (Empresa Brasileira de Aeronáutica S.A.), que ocupa o terceiro lugar no ranking mundial do sector aeronáutico tanto en persoal empregado como en entregas de avións, só por detrás de Boeing e Airbus, é o protagonista neste caso. As encomendas de Embraer forman parte xa do prometedor catálogo atendido pola industria auxiliar galega de subministros aeronáuticos agrupada na Udega: Unión de Empresas Gallegas de Aeronáutica.

En Portugal, o grupo Embraer inauguraba en Évora no ano 2012 dúas fábricas de componentes aeronáuticos, unha delas de estruturas metálicas e outra de materiais compósitos, cun investimento total de 180 milhóns de euros e un cadro de persoal de 300 empregados. Excusado ponderar a importancia estratéxica destas instalacións para a nacente industria aeronática galega.

6- https://en.wikipedia.org/wiki/Votorantim_Group

É pertinente lembrar así mesmo a presenza de capital portugués no sector lácteo galego despois da adquisición de Leite Celta (Pontedeume) pola sociedade portuguesa Lactogal ao grupo estadounidense Dean Foods que posuía a láctea galega con anterioridade. A operación de compra materializábase en 2006 por un importe de 50 millóns de euros.

7- Breve epílogo sobre o impacto potencial do capital corporativo e algunhas conclusións prácticas

Parece razoábel afirmar que os beneficios do impacto derivado dos fluxos de IED concéntranse máis ben no país receptor que no emisor.

A prioridade da empresa investidora no exterior é o incremento da súa cifra de facturación e beneficios derivados da expansión da actividade a mercados menos saturados ou máis dinámicos. As motivacións estratéxicas de diversificación do fluxo produtivo tanto as de signo descentralizador, como no caso da deslocalización total ou parcial de algunha fase do proceso como de signo adaptativo, como no caso de lanzamento de novos modelos adaptados á demanda do país receptor comportan efectos de escala positivos mais tamén sinerxias complementarias derivadas da diversificación e coordenación de equipos directivos e técnicos, de tecnoloxias e de instrumentos de financiamento e información necesarios para traballar eficientemente en rede. A estratexia de expansión da industria automovilística é rica en experiencias de globalización de actividades como é, ente nós, a experiencia de internacionalización de mercados protagonizada polo grupo Inditex. Esquemas de comercialización ampliada como o uso de franquicias e a asociación con socios locais son estratexias de expansión habituais de elevado potencial.

Sen negar a importancia desta perspectiva dos efectos favorábeis da exportación de capital corporativo, tan característica das economías maduras con bo nivel tecnolóxico e financeiro, debemos recoñecer que o interese nunha economía como a nosa se centra máis ben nas estratexias de atracción de capital externo como palanca de crecemento económico, absorción de tecnoloxía e fomento do emprego. Suponse, e non sen razón, que a captación de capital industrial foráneo é un potente instrumento de modernización e crecemento.

A capacidade de captación de iniciativas empresariais externas de "carácter flotante", sen destino predeterminado, por parte das administración autonómicas é moi limitada máis alá da frecuente inconsistencia de moitos proxectos que persiguen apoio público como condición fundamental. Por outra parte, a limitación do instrumental lexislativo e fiscal a disposición dos gobernos autonómicos impide formular ofertas decisivamente atractivas no ámbito internacional, sometidas como están ademais a ofertas competitivas procedentes de outras comunidades. As iniciativas de carácter especulativo, tan propias de sectores como o do entretenimento e a especulación inmobiliaria (casinos, áreas deportivas, complexos turísticos), son con frecuencia operacións con forte componente propagandístico, pouco relevantes en calquera esquema de desenvolvemento sustentábel a medio prazo. A excepción son países como Singapur ou a República de Irlanda que conseguiron convertirse en núcleos da atracción do investimento corporativo internacional grazas a unha oferta agresiva de incentivos e vantaxes de localización especiais.

É certo que a estratexia captación de capital industrial externo pode conseguir resultados mediante programas de promoción, localización e cualidade de entorno adecuados programados con continuidade e potencia suficiente. En España, pode ser cualificado de exemplar o labor desenvolvido pola Axencia Vasca de Des-

envolvemento Empresarial, SPRI, dependente do Goberno Vasco[7].

Un modesto caso da captación de capital corporativo externo con destino a Galicia que tiven ocasión de coñecer persoalmente foi o da atracción por parte de Sodiga da multinacional alemana Lignotock no ano 1985. A operación materializouse na instalación dunha fábrica de componentes avanzados da madeira en Porriño destinados áa industria do automóvil. A operación, deseñada para paliar o forte impacto da reconversión naval en Galicia, saldouse cun investimento superior aos 2.000 millóns de pesetas e 200 postos de traballo directos creados.

En canto á índole das operacións de entrada de capital corporativo, é evidente que as *operacións de substitución* na titularidade do capital social por adquisición dun paquete accionarial de control por parte dun axente foráneo comportan un impacto de baixa intensidade a non ser que veñan acompañadas dun ulterior proceso de modernización e ampliación de instalacións ou dunha expansión significativa da demanda na empresa en cuestión. Estas consideracións poden ser relevantes para enxuizar as recentes iniciativas de entrada de capital mexicano e chinés nos estaleiros da ria de Vigo ou na adquisición das instalacións de Gándara Censa por Citic Group, China International Trust no 2011.

A disparidade dos efectos derivados da afluencia de capital foráneo no país receptor son manifestos caso tratarse dunha *industria de síntese* dunha i*ndustria de cabeceira*. Temos en Galicia dous exemplos paradigmáticos do primeiro tipo en Citröen (Citröen Hispania: 1958) e de Alúmina Aluminio (1998, data da compra a factoría ao INI por parte de Alcoa). A implantación de Citröen comporta un efecto de arrastre inmediato con efectos a longo prazo, a de Alcoa, que podemos caracterizar tamén como *investimento de oportunidade* está desprovisto desta cualidade e á proclive a adoptar as características da *industria de enclave.*

A plataforma industrial desenvolvida en torno a PSA Citröen na comarca viguesa deviu en apenas cincuenta anos nunha constelación de empresas auxiliares competitivas agrupadas nun Cluster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) e potenciadas por unha plataforma de I&D: o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG). A contribución en termos de tecnoloxía, facturación, e emprego (mais de 18.000 empregos directos na actualidade) son proba patente do éxito alcanzado, con billantes resultados tamén en termos de actividade comercial exterior.

O último episódio do impacto estimulante do complexo automovilístico é de índole loxística: a recente habilitación da Autopista do mar Vigo-Nantes, operativa desde principios do 2015. O servizo, que requer ainda de apoios públicos, abre horizontes prometedores a outros sectores como os da lousa e granito e o dos produtos alimentarios, tanto en Galicia como no Norte de Portugal. A factoría de Balaídos absorbe de momento o 70 % do tráfico da nova liña marítima.

O impacto tractor da instalación do Grupo PSA sobre a economia galega podería verse potenciado co ascenso á presidencia do Consello de Administración de PSA Peugeot Citroën do executivo portugués Carlos Tavares. Entre os propósitos do novo CEO (Chief Executive Officer) da compañía está a potenciación das sinerxias transfronteirizas mediante unha cooperación máis estreita entre as factorías de Balaídos e Mangualde (Viseu) que inclúe a exixencia de melloras na conexión ferroviaria entre ambas plantas formuladas ao

7- http://www.spri.eus/es/actualidad-spri/noticias/el-gobierno-vasco-destina-757-millones-de-euros-en-el-marco-del-programa-de-apoyo-a-la-industria-2

Estado portugués. O atractivo de Portugal para o complexo Citröen está fóra de toda dúvida. Basta con considerar que na actualidade teñen optado por Portugal xa trinta empresas auxiliares do automóvil cando no ano 2005 non superaban a decena. Algunha con grande potencial expansivo como a multinacional alemana Bosch.

O xuizo sobre as consecuencias da implantación de Alcoa na costa luguesa teñen que ser moito máis desfavorábeis tanto en capacidade de arrastre como en estímulo innovador. Tampouco podemos esquecer o severo impacto ecolóxico do complexo tanto directo (resíduos e efluentes) como a través das descomunais exixencias enerxéticas que comporta. E aínda fica a cuestión da imprevisíbel estabilidade do investimento, altamente condicionado no caso da Alcoa pola tarifa enerxética e as esixencias medioambientais.

A multinacional norteamericana non deixa de proclamar sen reservas que a única lealdade que profesa ao emprazamento en San Cibrao reside no prezo da factura enerxética. En declaracións relativamente recentes, o presidente de Alcoa España, afirmaba que no caso da sociedade non dispor de enerxía barata abandonaría España de inmediato porque este insumo representaba o 40% dos custos de produción e constitúe o factor de localización primordial. Os recortes recentemente operados nas instalacións de Coruña e Avilés e o cerramento definitivo da factoría que a multinacional mantiña en Portovesme (Italia), e outras outras nos EE.UU., demostran sen equívoco posíbel os criterios de localización que inspiran á multinacional. É verdade que a Administración española mostrouse sempre moi comprensiva coas exixencias tarifarias da multinacional em materia enerxética, colmadas até o momento con instalacións complementarias como as do ramal de gasoduto que une Reganosa con San Cibrao desde xaneiro do 2015, cun aforro, segundo informacións recollidas, dun 25% nos custos de produción de alúmina e dun 30% en emisións de gases de efecto invernadeiro.

O debate demográfico que parece abrirse paso a paso como tema ineludíbel da planificación económica non forma parte sustancial deste informe a pesar de ser aludido de pasada na sección dedicada aos fluxos migratorios con que o iniciamos. A correlación inversa entre saldo migratorio co exterior e desemprego rexistrado en Galicia é patente e, en consecuencia, a capacidade de Galicia para atrair poboación laboral do resto de España e do estranxeiro na medida en que poda garantirse crecemento económico estábel con creación de emprego.

Pode ser pertinente, non obstante, fixar posición sobre a tese demográfica de X. Fernández Leiceaga, exposta coa solvencia e rigor costumada no documento 7/2014 deste Foro. Referímonos ao pronóstico da inevitabilidade dun futuro demográfico de baixo nivel 2 millóns de habitantes a mediados deste século gravitando sobre o segmento social máis senil e concentrado na franxa costeira, enfiada pola autoestrada do Atlántico.

Sen negar a verosimilitude do escenario, considero oportuno cuestionar a inevitabilidade do proceso que condenaría a práctica totalidade do territorio galego á condición de paisaxe inútil sen remisión cos problemas concomitantes que esta perspectiva comporta.

Unha política intencionalmente repoboadora da franxa oriental do país, mesmo das zonas de alta montaña, non só debe ser considerada abordábel senón tamén imprescindíbel, ao amparo do programa de Zonas Menos Favorecidas (ZMF), dotado con instrumentos de axuda específicos

pola Unión Europea.

Programas específicos para aldeas abandonadas, acondicionamento e explotación de áreas forestais afastadas, labores de vixilancia e coidado de zonas de especial protección son, entre outras, tarefas de atención ineludíbel a desenvolver mediante un cadro de financiamento adecuado e de facilidades fiscais en apoio de iniciativas locais ou de proxectos empresariais externos. A perseverancia no propósito é un requisito imprescindíbel para facer frente ao reto da concentración demográfica e de capitais no litoral.

A chegada de continxentes migratorios procedentes do leste e do borde mediterráneo podería ser nun futuro previsíbel un factor persistente que require tratamento específico para prevenir os efectos indesexados de marxinalización social e crecemnto urbano incontrolado.

O final da política de grandes infraestruturas parece indiscutíbel e a do realoxo de continxentes externos e reacondicionamento do espazo natural e urbano deben formar parte xa dos imperativos da programación económica a medio prazo.

Non nos deteremos tampouco no imperativo do fomento do comercio internacional e a súa posíbel axenda en Galicia. Unha simple consulta á base histórica Datacomex permite constatar a marcada propensión á exportación da economía galega con respecto á española en termos de taxa de cobertura (exportacións/importacións) ao longo do período 1995-2016.

Parece máis importante centrarnos na necesidade de promover mudanzas estruturais do tecido empresarial encamiñadas a propiciar a concentración e ganancia de dimensión empresarial, e insistir na política de promoción industrial en que se concentra a actividade exportadora.

Pode resultar ser en cambio pertinente avanzar algunha hipótese de actuación na axenda de estímulo e control dos fluxos IDE, tan decisivos para o crecemento da actividade empresarial e a promoción dunha cultura de innovación.

Toda reflexión neste tema debería ser obxecto de atención considerando a modestia dos recursos públicos disponíbeis nesta área da política económica e a inveterada inconstancia das políticas emprendidas neste eixo estratéxico de actuación.

1. Aprender da experiencia propia e allea e aforrar estratexias ex novo, tan habituais nos decisores políticos que operan por períodos cuadrianuais con horizonte de incerta continuidade e pretensións de singularidade e personalización. Debería ser asignatura irrenunciábel para prescriptores e decisores o coñecemento in situ da experiencia e organización da plataforma de atracción e acollida desenvolvida polo Goberno Vasco e a dos seus polígonos tecnolóxicos e a Axencia SPRI.

2. Abordaxe serio e profesionalizado das complementariedades económicas da cooperación Galicia-Portugal concedendo a máximo rango político e simbólico ás relacións da Xunta co Goberno portugués. A asignatura das relacións tranfronteirizas debe superar de inmediato o marcado ton retórico e propagandístico que as caracteriza para pasar a abordar de frente unha estratexia de medio prazo con mellora das comunicacións ferroviarias Vigo-Porto e unha axenda de cooperación no ámbito portuario e aeroportuario.

É preciso superar dunha vez o complexo madrileñista que atenaza a actividade exterior da política económica galega asumindo o decisivo papel das relacións transfronteirizas en materia de intercambios comerciais e de capital. Non será preciso reiterar a importancia estratéxi-

ca de contarmos en Galicia con grupos como Lactogal Produtos Alimentares S.A., Votorantim Industrial, Embraer ou a Caixa Geral de Depósitos.

3. Promover unha Oficina pública de análise e acompañamento de iniciativas empresariais no exterior, áxil, competente, desburocratizada e destinada a estudar, analizar e acompañar a totalidade de iniciativas empresariais galegas no exterior como tamén a avaliar o entorno empresarial galego da industria auxiliar implicado en implantacións no exterior e tamén as relacións empresariais tecidas nos países receptores.

O propósito final perseguido é documentar, analizar e mobilizar a experiencia acumulada para promover iniciativas con apoio público de carácter indirecto e de acompañamento. Unha plataforma como a puntada, baseada na experiencia acumulada por Xesgalicia, debería vir acompañada dunha política exemplarizante de restrición de viaxes de cortesía e exibición política que se algo revelan é incapacidade operativa. Substituir nalgunha medida a retórica en política exterior pola práctica analítica e promocional debería marcar a estratexia internacionalizadora.

O empresariado que se asoma ao exterior conta actualmente cunha magnífica plataforma informativa como o ICEX, falta complementar a iniciativa privada cunha oficina específica e propia dedicada a documentar e ofrecer información concreta e detallada dos contactos solventes de Galicia no exterior.

FONTES

Sección 1: *O sismógrafo migratorio.*

INE, Encuesta Nacional de Inmigrantes. Resultados por comunidad autónoma. Inmigrantes por comunidad autónoma, según país de nacimiento. Año 2007.

http://www.ine.es/jaxi/Tabla.htm?path=/t20/p319/a2007/p02/l0/&file=04003.px&L=0

Sección 2: *Apertura da economía galega: dimensión real da apertura comercial e impacto da crise sobre a mesma.*

As fontes de referencia son: Centro de Predicción Económica, CEPREDE, e o C-INTEREG.

O CEPREDE é un centro de investigación económica fundado en 1981 por un equipo de profesores da Universidad Autónoma de Madrid (UAM) con apoio da Cámara de Comercio e Industria de Madrid e a Fundación Universidad-Empresa. En 1986, estas dúas institucións xunto coa Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), a Fundación para el Desarrollo de la Función Social de las Comunicaciones (FUNDESCO) e a Fundación do Banco Exterior de España, constitúen a Asociación Centro de Predicción Económica que conta con numerosos asociados tanto públicos como privados.

Enlace hipervínculo: http://www.ceprede.es/

C-INTEREG é unha plataforma de análise do comercio interrexional español. A súa base de datos data do 2004, en que foi creada por iniciativa do CEPREDE e o patrocinio de oito CC. AA. Actualmente, a base constituída conten información do período 1995-2005 sobre fluxos comerciais de bens entre provincias.

Enlace hipervínculo: www.c-intereg.es/; http://www.c-intereg.es/index.asp

Para a análise neste informe do efecto da crise económica sobre a actividade comercial en Galicia no período 200-2014 e o comportamento neste lapso temporal do índice de apertura da nosa economía, a referencia é:

IGE: Comercio exterior e intracomunitario segundo seccións e capítulos TARIC, Cadro macroeconómico de Galicia. Base 2010. Serie 2000-2013

Enlace hipervínculo: http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=439&paxina=001&c=0307004001

Sección 5: ***A exportación de capital corporativo, motivacións e efectos de arrastre.***

A referencia á terminal galega en Brasil dentro da rede portuaria daquel país procede da *Agência Nacional de Transportes Aquaviários, ANTAQ.*

Enlace hipervínculo: http://www.antaq.gov.br/Portal/MapaSitio.asp#Portos

Sección 6: ***A importación de capital corporativo: incerteza, irregularidade temporal*****.**

A referencia ao grupo cementeiro brasileiro Votorantim, procede de:

Enlace hipervínculo; https://en.wikipedia.org/wiki/Votorantim_Group

Sección 7: ***Breve epílogo sobre o impacto potencial do capital corporativo e algunhas conclusións prácticas.***

A SPRI, Agencia Vasca de Desarrollo Empresarial, dependente do Goberno Vasco, ten entre os seus obxectivos principais a internacionalización, xunto coa promoción tecnolóxica e a innovación.

Enlaces hipervínculo: http://www.spri.eus/es/; http://www.spri.eus/es/actualidad-spri/noticias/el-gobierno-vasco-destina-757-millones-de-euros-en-el-marco-del-programa-de-apoyo-a-la-industria-2

Documentos do Foro Económico de Galicia

Un dos obxectivos fundamentais do Foro é poñer á disposición da Sociedade unha colección de documentos onde se conxuga a análise da situación actual con propostas de cambio e mellora. Os documentos pretenden contribuir a enriquecer o debate público en materia económica en Galicia. A responsabilidade de cada documento é das persoas que o asinan. O Foro só asume a responsabilidade sobre os documentos consensuados e asinados polo colectivo. Dende Marzo de 2014 o editor dos documentos é o profesor e membro nato do Foro Albino Prada Blanco.

Listado de documentos publicados ata o momento

1/2013 -
Chaves para o aproveitamento marítimo -Portuario- Loxístico de Galicia.
2/2013 -
Análisis y propuestas para una estrategia de futuro para el sector naval en Galicia.
3/2013 -
O sector alimentario en Galicia: desafíos e oportunidades. Cales deben ser as prioridades?.
4/2013 -
O fondo de compensación interterritorial: Unha proposta desde Galicia.
5/2013 -
Mejorando la Eficiencia de la Política de infraestructuras.
6/2013 -
Internacionalización, políticas y crecimiento.

Listado de documentos publicados ata o momento

7/2014 -
¿Qué futuro demográfico nos agarda e como pode incidir no noso benestar?
8/2014 -
Galicia: bases para una estrategia marca-país y líneas de trabajo para su acción exterior.
9/2014 -
Desequilibrio exterior, modelo competitivo y recuperación económica.
10/2015 -
O sector forestal en Galicia: problemática actual e perspectivas futuras.
11/2015 -
Os cambios no modelo territorial: o seu impacto fiscal en Galicia.
12/2015 -
Sobre o risco de estancamento na economía Europea.
13/2015 -
O Complexo Lácteo Galego nun mercado liberalizado. Extratexias e políticas ante a desaparición do sistema de cotas na UE.
14/2016 -
O capital risco e outras fontes alternativas de financiamento das empresas galegas.
15/2016 -
La formación profesional dual en España

Documentos descargables en:

http://www.foroeconomicodegalicia.es

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. É unha ferramenta da sociedade civil que pretende contribuír a coñecer mellor os retos, desafíos, oportunidades e ameazas sobre a estrutura produtiva galega, as súas empresas, e o seu sector público. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS

ASOCIACION GALLEGA DE LA EMPRESA FAMILIAR

BRICOKING

COREN

CRTVG COMPAÑÍA DE RADIO/TELEVISIÓN DE GALICIA

ence ENERGÍA & CELULOSA

gasNatural fenosa

HIJOS DE RIVERA, S.L. CORPORACIÓN

Hierros AÑÓN, S.A.

INVERAVANTE

JEALSA

Grupo Nogar

PÉREZ RUMBAO

ReVi

Rodman

ZFV CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO

Grupo de investigación GEN
Universidade Vigo